

GUÍA DO ALUMNADO

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

COML0209 ORGANIZACIÓN DO TRANSPORTE E A DISTRIBUCIÓN

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN	3
1.1. Identificación y contextualización do certificado de profesionalidade	3
2. PERFIL DO ALUMNADO	3
3. PROGRAMA FORMATIVO	4
4. OBXECTIVOS	4
4.1 Obxectivo xeral	5
4.2 Obxectivos específicos	5
5. CONTIDOS.....	6
6. PLAN DE TRABALO	8
7. MATERIAL DIDÁCTICO.....	8
8. SISTEMA DE SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO ALUMNADO.....	9
9. ORIENTACIÓN PARA O ESTUDO.....	9
10. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO	9
11. CERTIFICACIÓN	10

1. PRESENTACIÓN

Benvido/a á acción formativa **COML0209 Organización do transporte e a distribución** que se impartirá en modalidade presencial ao longo dun total de 420 horas compostas por 340 horas divididas en catro módulos formativos e 80 horas de prácticas profesionais non laborais.

Este curso está orientado á consecución dun Certificado de Profesionalidade, que é un documento que permite acreditar a un traballador/a nunha cualificación profesional do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais; por tanto, certifica as competencias profesionais que ten o individuo para o desenvolvemento dunha actividade laboral.

Este documento será emitido polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou polas Comunidades Autónomas e ten validez a nivel nacional.

O Subsistema de Formación Profesional para o Emprego ten a finalidade de favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores desempregados e ocupados, mellorando a súa capacitación profesional e desenvolvemento persoal.

Posuír un Certificado de Profesionalidade supón o incremento do currículo profesional, debido a que é un documento de carácter oficial que se valora en calquera proceso de selección convocado polas Administracións Públicas e acredita profesionalmente ante as empresas privadas.

1.1. Identificación e contextualización do certificado de profesionalidade

Denominación: Organización do transporte e a distribución

Código: COML0209

Duración módulos formativos: 340 horas

Duración módulo de prácticas: 80 horas

Duración total: 420 horas

Normativa de referencia: RD 642/2011 de 9 de mayo.

Familia profesional: Comercio e marketing

Área profesional: Loxística comercial e xestión do transporte

Nivel de cualificación profesional: 3

Cualificación profesional de referencia: COM317_3 Organización do transporte e a distribución (RD 109/2008 de 1 de febreiro)

Competencia xeral: Organizar e controlar as operacións de transporte de mercadorías para optimizar o proceso loxístico dacordo coas especificacións establecidas, prazo e custo, garantindo a integridade e seguemento das mercadorías durante o proceso, cumprindo a normativa vixente de transporte e utilizando, en caso necesario, a lingua inglesa.

Ocupacións e postos de traballo relacionados:

- Xefes/as de tráfico en empresa de transporte, en xeral
- Xefes/as de tráfico en actividades de transporte combinado terrestre / marítimo / aéreo.
- Axentes de transporte, en xeral.
- Axentes de planificación do transporte
- Empregados/as administrativos/as dos servizos de transporte en xeral
- Técnicos/as en loxística do transporte

2. PERFIL DO ALUMNADO

Segundo se recolle no RD 189/2013, de 15 de marzo, polo que se modifica el RD 34/2008 de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade y os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade dictados na súa aplicación, para acceder á formación deste Certificado de Profesionalidade de nivel 3, debes cumprir con un dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión del Título de Bacharelato
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 3
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- Cumplir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grado superior, ou ben ter superadas as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter as competencias clave necesarias para cursar con aproveitamento a formación correspondente a este módulo formativo.

3. PROGRAMA FORMATIVO

A secuencia didáctica é a base da planificación do deseño da unidade de aprendizaxe, é dicir, a serie de accións con intención didáctica que se levan a cabo de forma organizada no proceso de impartición dun programa formativo, y que deben estar orientadas ao logro dunha realización profesional.

A programación da acción formativa vinculada ao Certificado de Profesionalidade **COML0209 Organización do transporte e a distribución** está baseada no estudo de catro módulos formativos específicos da área profesional de **loxística comercial e xestión do transporte**.

Finalmente, para completar o proceso formativo, levarase a cabo o módulo de prácticas profesionais non laborais nun centro de traballo, que suporá formación específica que se desenvolve nun ámbito produtivo real, a empresa, onde os/as alumno/as poderán observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo do perfil profesional e coñecer a organización dos procesos produtivos ou de servizos e as relacións laborais.

A programación desta acción formativa realizarase atendendo ás duracións estipuladas para cada un dos módulos formativos e as unidades formativas correspondentes, segundo a secuencia que se indica a continuación:

MÓDULO FORMATIVO	UNIDADE FORMATIVA	Duración
MF1012_3 Distribución capilar	Non aplica	70
MF1013_3 Transporte de longa distancia	Non aplica	90
MF1005_3 Optimización da cadea loxística	Non aplica	90
MF1006_2 Inglés profesional para loxística e transporte internacional	Non aplica	90

4. OBXECTIVOS

Os obxectivos, tanto xenerais como específicos, deste Certificado de Profesionalidade de **COML0209 Organización do transporte e a distribución** correspóndese coa competencia

xeral e a totalidade das realizacións profesionais que se citan no Anexo II correspondente ao RD 642/2011 de 9 de maio.

4.1 Obxectivo xeral

O obxectivo xeral que se pretende alcanzar ao finalizar a totalidade dos módulos formativos que compoñen este Certificado de Profesionalidade corresponde coa Competencia Xeral indicada no Real Decreto de referencia. Este obxectivo é: *“organizar e controlar as operacións de transporte de mercadorías para optimizar o proceso loxístico dacordo coas especificacións establecidas, prazo e custo, garantindo a integridade e seguemento das mercadorías durante o proceso, cumprindo a normativa vixente de transporte e utilizando, en caso necesario, a lingua inglesa”*.

4.2 Obxectivos específicos

Cada Módulo Formativo está asociado a unha Unidade de Competencia, que é a unidade mínima de acreditación e por tanto é susceptible de recoñecemento. Á súa vez, as unidades de competencia subdivídense en realizacións profesionais, que describen os comportamentos esperados para podela considerar competente na unidade de competencia.

Tendo en conta o anterior, márcanse como obxectivos específicos do Certificado de Profesionalidade os que enumeramos e agrupamos a continuación por Módulo Formativo:

MF1012_3: DISTRIBUCIÓN CAPILAR

UNIDADE DE COMPETENCIA: Organizar, xestionar e controlar a distribución capilar de mercadorías.

- Dimensionar a flota de vehículos para acadar niveis óptimos de custos e calidade do servizo.
- Confeccionar rutas de reparto de forma que se minimice o tempo e o percorrido a realizar para a utilización óptima dos medios dispoñibles.
- Definir as condicións de subcontratación do servizo de reparto e controlar o seu cumprimento para asegurar a calidade do servizo de reparto.
- Supervisar as operacións de distribución/reparto resolvendo as incidencias e reclamacións para mellorar o nivel de satisfacción do cliente e a calidade do servizo prestado.

MF1013_3: TRANSPORTE DE LONGA DISTANCIA

UNIDADE DE COMPETENCIA: Organizar, xestionar e controlar as operacións de transporte de longa distancia.

- Seleccionar a ruta e combinación posible de distintos modos de transporte dunha operación a longa distancia, ao menor coste posible, e dacuerdo coas especificacións recibidas.
- Realizar as xestións que garantan o tránsito das mercadorías e/ou unidades de carga ou transporte, entre distintos países e modos de transporte, dacordo coa normativa vixente e especificacións recibidas.
- Garantir a integridade das mercadorías, dende a súa orixe ata o seu destino dacordo á normativa vixente, modo/s de transporte/s, transbordos e consolidación/desconsolidación de cargas, establecidos para cumprir as condicións de calidade do transporte.
- Supervisar operacións de transporte de longa distancia dacuerdo cos obxectivos especificados para asegurar a localización e calidade do servizo en calquer momento do percorrido.

MF1005_3: OPTIMIZACIÓN DA CADEA LOXÍSTICA

UNIDADE DE COMPETENCIA: Colaborar na optimización da cadea loxística cos criterios establecidos pola organización.

- Coordinar as actividades dentro da cadea loxística realizando o seguemento das mercadorías para asegurar a trazabilidade e calidade das operacións loxísticas.
- Elaborar o presuposto de custos da cadea loxística realizando os cálculos necesarios e considerando a totalidade dos custos asociados á operación, para controlar as posibles desviacións.
- Xestionar as operacións suxeitas á loxística inversa, determinando o tratamento a dar ás mercadorías retornadas, para mellorar a eficiencia da cadea loxística.
- Xestionar os fluxos de información con clientes e provedores propoñendo accións correctoras para mellorar a calidade e eficiencia da cadea loxística.
- Resolver os imprevistos, incidencias e reclamacións que se produzan na cadea loxística, dacordo ao plan de calidade da empresa para asegurar a satisfacción do cliente interno e externo.

MF1006_2: INGLÉS PROFESIONAL PARA LOXÍSTICA E TRANSPORTE INTERNACIONAL

UNIDADE DE COMPETENCIA: Comunicarse en inglés cun nivel de usuario independente nas relacións e actividades de loxística e transporte internacional

- Interpretar a información provinte do discurso oral con facilidade, en situacións de comunicación con axentes, transitarios, clientes e/ou provedores de servizos estranxeiros, de forma presencial ou a distancia, en lingua estándar e a pesar da existencia de ruidos ou interferencias.
- Interpretar datos e información escrita complexa, e documentos propios do transporte e a loxística extraíndo a información relevante para a execución das operacións loxísticas.
- Expresarse oralmente con fluidez e espontaneidade, con axentes, clientes e/ou provedores de servizos en situacións de comunicación interpersoal ou a distancia, de maneira que se potencien as relacións interprofesionais e o desenvolvemento efectivo das operacións.
- Redactar e cumplimentar de maneira clara, estruturada e precisa textos e documentos propios das operacións de transporte e loxística internacional.
- Comunicarse oralmente con certa fluidez e espontaneidade, con axentes, clientes e/ou provedores internacionais en situacións de comunicación interpersoal ou a distancia, interactuando para favorecer as relacións cos clientes e a execución das operacións.

5. CONTIDOS

Os contidos teórico-prácticos que se impartirán para o Certificado de Profesionalidade **COML0209 Organización do transporte e a distribución** correspóndense coa totalidade dos contidos mínimos que se establecen no Anexo II correspondente ao RD 642/2011 de 9 de maio.

O desenvolvemento modular deste Certificado de Profesionalidade indícase a continuación, expoñendo a estrutura e secuenciación do mesmo.

Módulo formativo	Unidade formativa	Unidades de aprendizaxe (Unidades didácticas)
MF1012_3 Distribución capilar	Non aplica	<ul style="list-style-type: none"> – Reparto e capilaridade na actividade do transporte por estrada – Xestión operativa da distribución capilar – Clasificación dos vehículos para o reparto de mercadorías – Planificación de cargas e programación de rutas de reparto – A contratación do transporte capilar de mercadorías – Calidade de servizo e atención ao cliente
MF1013_3 Transporte de longa distancia	Non aplica	<ul style="list-style-type: none"> – Análise e características dos servzos de transporte de longa distancia – Operativa do transporte intermodal – Planificación de operacións de transporte de longa distancia – Xestión documental básica de operaciones de transporte internacional – Control e seguridade no transporte intermodal de mercadorías – Aplicacións informáticas de xestión, información, comunicación e control nas operacións de transporte internacional de mercadorías
MF1005_3 Optimización da cadea loxística	Non aplica	<ul style="list-style-type: none"> – Fases e operacións na cadea loxística – Loxística inversa – Optimización e custos loxísticos – Redes de distribución – Xestión de imprevistos e incidencias na cadea loxística – Aplicacións informáticas de información, comunicación e cadea de suministro

<p>MF1006_2 Inglés profesional para a loxística e transporte internacional</p>	<p>Non aplica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Expresións e estruturas lingüísticas utilizadas nas operacións de transporte e loxística en inglés. - Operativa específica de loxística e transporte en inglés. - Atención de incidencias en inglés - Comercialización de servizos de transporte en inglés - Comunicación comercial escrita en inglés
--	-------------------	---

6. PLAN DE TRABAJO

O plan de traballo entregárase aos/ás alumnos/as a modo de cronograma, ao inicio da acción formativa e como anexo a este documento. Nel indicárase:

- Data de inicio do curso
- Inicio de cada módulo formativo
- Finalización de cada módulo formativo
- Probas de avaliación
- Data final de curso
- Calquer outro hito destacable da acción formativa

7. MATERIAL DIDÁCTICO

Para realizar un óptimo seguimento dos contidos, entregárase ao/á alumno/a unha serie de manuais de apoio ou material impreso que contemplarán os contidos mínimos teóricos e prácticos que se indican no Anexo II correspondente ao RD 642/2011 de 9 de maio. Ademais, ao longo do curso entregárase ao alumno/a:

- Documentación impresa elaborada polo/pola docente
- Exercicios e casos prácticos en formato papel

Os manuais que previsiblemente se entregarán ao/á alumno/a estarán especificamente vinculados aos Módulos Formativos e/ou Unidades Formativas que se detallan a continuación:

Módulo formativo	Unidade formativa	Nome manual
MF1012_3 Distribución capilar	Non aplica	Distribución capilar
MF1013_3 Transporte de longa distancia	Non aplica	Transporte de longa distancia
MF1005_3 Optimización da cadea loxística	Non aplica	Optimización da cadea loxística
MF1006_2 Inglés profesional para a loxística e transporte internacional	Non aplica	Inglés profesional para loxística e transporte internacional

Para a realización desta acción formativa os/as alumnos/as poderán dispor de diversos recursos audiovisuais e multimedia na aula, que favorecerán a súa aprendizaxe.

8. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Ao longo da acción formativa, levarase a cabo un sistema de seguimento e avaliación por parte do docente que comprenderá os seguintes aspectos:

- Avaliación continua que estará formada polas actividades e supostos prácticos realizados na aula.
- Avaliación final a través da “proba de avaliación final” de cada módulo formativo tras a finalización do mesmo.

Os resultados de cada proba expresáranse nun rango de puntuacións de 0 a 10, sendo 5 a puntuación mínima para a superación de cada unha delas.

O peso da avaliación continua sobre o resultado final do módulo formativo é do 30%.

En cuanto a avaliación final, corresponde a puntuación obtida en la Prueba de avaliación final y el peso desta avaliación es del 70% en el resultado final del módulo formativo.

Para poder optar a proba da avaliación final, a asistencia debe ser al menos do 75% das horas totais.

No caso de non superar a proba final, realizarase unha segunda convocatoria.

9. ORIENTACIÓN PARA O ESTUDO

Neste tipo de accións formativas da modalidade presencial, será o docente que teña un peso mais significativo en dar as indicacións e as orientacións más axeitadas para o estudo.

A presencialidade facilita que o docente realice un reforzo persoal instantáneo potenciando de unha maneira case individualiza o aprendizaxe dos alumnos marcando o ritmo necesario para cada un deles, si é necesario.

O/a alumno/a recibirá un cronograma que marque unha previsión da evolución que debería ir obtendo no seu proceso formativo atendendo aos coñecementos e as unidades que debe estudar, pero será principalmente o docente o que marque ou estructure, segundo o grupo, os coñecementos previos e os intereses dos alumnos/as, e adapte o que sexa conveniente na relación co material de aprendizaxe, as actividades propostas inicialmente e os métodos de estudo. Todo iso coa finalidade de permitir ao alumno/para aprender e desenvolverse de maneira

Isto implica un constante proceso de mellora continua.

10. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

A continuación detállanse os dereitos e os deberes dos/as alumnos/as durante a realización da acción formativa:

- Dereitos do alumno/a
 - Recibir unha formación gratuíta
 - Coñecer o cronograma do curso
 - Utilizar materiais ou equipos didácticos adecuados os obxectivos

- Ser informado dos sistemas de avaliación, seguimento e resultados do aprendizaxe.
- Recibir un certificado de asistencia e/ou un diploma, segundo proceda, de profesionalidade por os módulos que haxa superado.
- Facilitar información aos desempregados que participen no plan de formación sobre as axudas e becas previstas.
- Solicitar as becas e axudas adecuadas en caso de encontrarse en situación de desemprego.
- Estar cuberto por unha póliza de seguro durante a realización da acción formativa e do módulo práctico que a acompaña seguindo os requisitos establecidos na convocatoria.
- Deberes do/a alumno/a
 - Os/as alumnos/as terán a obriga de facilitar no prazo estipulado a documentación que sexa solicitada por o centro:
 - Fotocopia lexible do D.N.I, Pasaporte ou Carné de Conducir.
 - Fotocopia de la Tarjeta da Seguridade Social/ Documento acreditativo do NUSS.
 - Certificado de discapacidade do/a alumno/a (se procede).
 - O certificado de recepción do material do/a la alumno/a (se procede). Solicitud de participación do/a la traballador/a
 - Documento(s) que acredite(n) a situación laboral do/a la alumno/a ao inicio do curso.
 - Tarjeta de demanda de emprego actualizada (para os/as participantes en situación de desemprego).
 - Los/las alumnos/as terán a obriga de realizar a acción formativa impartida polo centro:
 - Asistir á formación.
 - Realizar as Probas de control periódicas a/ou sistemas de avaliación.
 - Realizar o Cuestionario de Avaliación da Calidade.

11. CERTIFICACIÓN

Tras a finalización dos módulos formativos e o módulo de prácticas profesionais non laborais, terá dereito ao Certificado de Profesionalidade, sempre e cando a avaliación sexa positiva e se haxa alcanzado a consecución das unidades de competencia e a competencia xeral da acción. Ademais, terase en conta a asistencia do 75% das horas lectivas de cada un dos módulos.

Para a obtención do Certificado de Profesionalidade debes ter superado con avaliación positiva todos e cada un dos módulos que o compoñen.

Tal e como se indicaba na presentación desta guía didáctica, o Certificado de Profesionalidade emitirase polo Servicio de Empleo Estatal (SEPE) e pola Administración Laboral das Comunidades Autónomas.